



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte: Arte e modernidade

Materia	Arte: Arte e modernidade			
Código	P01G010V01401			
Titulación	Grao en Belas Artes			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Cendán Caaveiro, Marina Susana			
Profesorado	Cendán Caaveiro, Marina Susana			
Correo-e	scendan@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo da Historia da Arte centrado na etapa fundamental das vangardas históricas de comezos do século XX, facendo un percorrido cronolóxico e un labor de interrelación cos artistas e os movementos pasados, presentes e futuros.			

Competencias

Código	
B1	Capacidade de xestión da información.
B2	Capacidade de comunicación. Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas complexos e proxectos dentro do seu campo de estudo
C1	Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte
C2	Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural
C5	Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores
C8	Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo
C21	Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento dos diferentes conceptos de modernidade e vangarda.	C1 C8
Coñecemento dos movementos artísticos fundamentais da modernidade e a vangarda.	C2 C8
Coñecemento da arte galega no contexto da modernidade e a vangarda.	C2 C8
Coñecemento das relacións entre o período moderno e a arte contemporánea.	C1 C2
Coñecemento da evolución do pensamento e os métodos historiográficos.	C1 C2
Capacidade para comprender a obra de arte no contexto da sociedade moderna.	C1 C21
Capacidade de entender a evolución da arte contemporánea desde a modernidade.	C1 C5 C21

Capacidade de relacionar a produción artística actual coas súas orixes na modernidade.		C2 C5 C21
Habilidade para contextualizar a arte galega moderna e de vangarda.		C2 C8
Habilidade para recoñecer os diferentes movementos artísticos modernos e de vangarda.	B1 B2	C1 C2
Habilidade no establecemento de liñas de influencia diacrónicas.	B1 B2	C1 C2

Contidos

Tema	
1ª SEMANA. PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA. Exposición do profesor do plan global da asignatura: Obxectivos, contidos, competencias a adquirir, metodoloxía, exercicios e actividades, datas de entregas, sistema de avaliación e criterios. Presentación da bibliografía xeral do curso.	1ª SEMANA. Exercicio 1: O valor do multidisciplinar. Reflexión sobre a creatividade contemporánea
2ª SEMANA. TEMAS 1 e 2: A Subxectividade Romántica. Os inicios da arte contemporánea Realismo e Revolución Industrial Impresionismo e Posimpresionismo.	2ª SEMANA. SUBTEMAS 1 e 2: O tránsito da obxectividade Neoclásica á subxectividade Romántica Intensificación das ideas sobre creatividade, orixinalidade, individualidade... A nova situación da arte e o artista A paisaxe como expresión da subxectividade e o sublime Connotacións éticas e de compromiso do Realismo Novedades formais e lumínicas no Impresionismo e Posimpesionismo.
3ª SEMANA. TEMA 3: Laberinto de movementos no tránsito de século. A Sezession Vienesa	3ª SEMANA. SUBTEMAS 3: O inicio dos movementos anti-arte O Taller Vienés: a obra de arte total Gustav Klimt, Emilie Flöge e os Movementos da Reforma Mariano Fortuny i Madrazo
4ª SEMANA. VIAXE A ARCO. Con motivo da viaxe a ARCO a Facultade pon un servizo de autobuses gratuito para o alumnado. Para o máximo aproveitamento da viaxe, dende a asignatura ARTE E MODERNIDADE propoñemos un exercicio relacionado coa visita a exposicións temporais que coinciden co desenvolvemento da Feira. A estruturación do exercicio dependerá da oferta expositiva e detallarase con precisión a cada grupo na clase anterior.	4ª SEMANA. Exercicio viaxe a ARCO (detallarse na clase da semana anterior)
5ª SEMANA TEMA 4: A idea de vangarda como futuro ideal Os Movementos fríos e as revolucións no dominio da forma: Cubismo Sonia Delaunay: arte e vida A provocación futurista.	5ª SEMANA SUBTEMA 4: O valor do primitivo O collague cubista Novas concepcións espaciais Nas marxes da modernidade: multidisciplinaridade e experimentación Novos roles de artista e provocación (lectura de textos futuristas) O valor da provocación como parte do proceso creativo (F.T. Marinetti)
6ª SEMANA TEMA 5: Os Movementos cálidos e as revolucións da cor Fauvismo: Salón de Outono de 1905 Matisse Expresionismo e precursores: Munch e Ensor Alemaña: Teóricos e centros de incidencia "El Puente": Kirchner e Nolde "El Jinete Azul": Kandinsky e Marc.	6ª SEMANA SUBTEMA 5: A importancia da cor no Fauvismo Matisse: pintar coas tesoiras A subxectividade Expresionista Kandisky: teoría e práctica O nacemento da abstracción.
7ª SEMANA. TEMA 6: Vangardas rusas e utopía Constructivismo e Rayonismo Arte e vida na Rusia revolucionaria: Rodchencko, Popova e Estepanova Diaghilev e os Ballets Rusos (1909-1929)	7ª SEMANA SUBTEMA 6: Malevich e o Realismo pictórico Tatlin: o artista como constructor Deseño gráfico, arte da proganda e vida cotía Camiño da indiferenciación sexual: Popova e Estepanova A fotografía como arte.

<p>8ª SEMANA</p> <p>SAÍDA DE ESTUDOS. Visita dunha exposición temporal por determinar. O contexto dunha Facultade de BBAA, atenta ao que artísticamente sucede ao seu arredor, obríganos a manter unha programación flexible para non desaproveitar o marco de reflexión e análise que proporciona a visita de exposicións fundamentais durante o período académico.</p>	<p>8ª SEMANA</p> <p>EVALUACIÓN E OBXECTIVOS. A saída de estudos ten un carácter obligatorio, rexistrándose mediante un listado de firmas a asistencia dos alumnos. Asimesmo, o profesor valorará a necesidade de realizar un exercicio relacionado coa visita ou a impartición dunha clase específica para profundizar nos contidos da mesma. Todos os detalles relacionados aclararanse na clase da semana anterior.</p>
<p>9ª SEMANA</p> <p>TEMAS 7 e 8: Utopía e Racionalismo estético: Holanda e Neoplasticismo Piet Mondrian e Theo van Doesburg Arquitectura e deseño como expresión do racionalismo Bauhaus: utopía funcional e transformación social O legado pedagóxico da Escola.</p>	<p>9ª SEMANA</p> <p>SUBTEMAS 7 e 8: A arte total de "De Stijl" Abstracción radical: Mondrian e Doesbrug Os interiores abstractos: a confluencia da arte e a arquitectura Bauhaus: a fusión da arte e a artesanía Johannes Itten: utopía e practicidade O profesorado da Bauhaus Deseño Bauhaus Oskar Schlemmer: O Ballet Triádico Memoria e esquecemento: as mulleres na Bauhaus.</p>
<p>10ª SEMANA</p> <p>TEMAS 9 e 10: Dada e os porqués da súa importancia Os centros do Dadaísmo internacional: Suiza, Alemaña e Nueva York Marcel Duchamp e a súa inagotable estela Surrealismo: del automatismo al onirismo O surrealismo en Galicia O retorno á orde artístico de entreguerras (1919-1930)</p>	<p>10ª SEMANA</p> <p>SUBTEMAS 9 e 10: O Cabaret Voltaire Tristan Tzara e o azar Hans Arp e a pintura Dada Arte e política: Jonh Heartfield e a fotomontaxe Un caso especial: Hannah Höch O artista como mecánico: Raoul Hausmann Duchamp: a arte e o seu contexto Daaalí Mulleres artistas: Meret Oppenheim, Leonora Carrington, Dorothea Tanning, Lee Miller, Dora Maar, Claude Cahun Surrealismo e moda.</p>
<p>11ª SEMANA</p> <p>TEMA 11: O traslado da capitalidade artística de París a Nueva York Expresionismo Abstracto Americano Art of this Century: Peggy Guggenheim A linguaxe da abstracción en Europa O caso español: El Paso e Dau al Set.</p>	<p>11ª SEMANA</p> <p>SUBTEMA 11: Contexto social, político e cultural da arte "made in América" Clement Greenberg e a pintura xenuína Arte e fama: Jack "The Dripper" Análise de individualidades O Informalismo europeo: Michael Tapié Dubuffet e a Art Brut O caso italiano: Lucio Fontana A abstracción en España no seu contexto: análise dos seus principais representantes.</p>
<p>12ª SEMANA</p> <p>TEMA 12: Transformacións no tránsito dos anos 50/60 A nova conciencia cultural Pop Art: unha arte para a "mid cult" Os modelos británicos e norteamericanos O caso español: Equipo Crónica e Eduardo Arroyo Arte Cinético e Op Art.</p>	<p>12ª SEMANA</p> <p>SUBTEMA 12: A bonanza do sistema capitalista: The American way of Life (contexto socio-cultural) O auxe da hiperrealidad televisiva Principales novidades estilísticas do Pop Art Artistas de transición: Robert Rauschenberg e Jasper Jonhs Andy Warhol e a Factory A plenitude do Pop: Lichtenstein, Wesselman, Rosenquist, Ruscha, Segal Pops periféricos.</p>
<p>13ª SEMANA</p> <p>TEMA 13: As reconsideracións do obxecto e os sistemas de acumulación: Cesar, Arman, Tinguely Yves Klein: O Novo Realismo Francés Piero Manzoni: O nacemento da ironía posmoderna.</p>	<p>13ª SEMANA</p> <p>SUBTEMA 13: Pierre Restany e o manifesto do Novo Realismo Francés O desperdicio: compromiso e utopía Experimentos Neo-dadaístas: a recuperación do legado de Duchamp Klein e a sensibilidade pictórica inmaterial A reinvencción da pintura: antropometrías, disparos, rasgaduras...</p>
<p>14ª SEMANA</p> <p>TEMA 14: A Arte Povera A Arte Conceptual: antecedentes O Conceptual Lingüístico Conceptualismos hoxe.</p>	<p>14ª SEMANA</p> <p>SUBTEMA 14: Arte Povera: Contexto socio-político Germano Celan: "Arte Povera e im Spazo": Modelos expositivos que marcan tendencia Análise das principais individualidades Povera: Anselmo, Kounellis, Merz, Penone, Pistoletto... O rastro Povera na arte contemporánea Conceptualismos fundamentais e periféricos.</p>
<p>15ª SEMANA</p> <p>TEMAS 15 e 16: Abstracción Post-pictórica "Menos é máis": Arte Mínimal e as estruturas primarias da arte Os modelos: Carl Andre, Dan Flavin, Donald Judd, Sol LeWitt, Robert Ryman Accionismo Vienés Body Art Land Art.</p>	<p>15ª SEMANA</p> <p>SUBTEMAS 15 E 16: O rexurdimento de Clement Greenberg Outros Minimalismos nos 90 A paisaxe como soporte artístico Robert Smithson e os "no-lugares" Outros modelos corporales-performativos Feminismo e Body Art O internacionalismo de Fluxus Joseph Beuys: "cada home un artista".</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Presentación	13	50	63
Lección maxistral	30	55	85
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición

Presentación	<ol style="list-style-type: none"> 1. Saídas de estudo. Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo. 2. Estudo de casos. Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnósticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución. 3. Debate. Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral... 4. Traballo tutelado. O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Desenvolvemento da capacidade comunicativa do alumno. Tradución de ideas artísticas e capacidade para transmitilas. Fomentar a curiosidade e a sorpresa. Traballo en equipa.
Lección maxistral	Desenvolvemento teórico dos contidos da materia

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Presentación	Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa. O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita.	35	B1 B2	C1 C2 C5 C8 C21
Lección maxistral	A asistencia ás clases teóricas é fundamental para a correcta asimilación dos contidos da asignatura.	5	B1	C2 C5 C8 C21
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas para a avaliación das competencias adquiridas. Ditas probas poden consistir en: <ol style="list-style-type: none"> 1. Probas de resposta curta, nas que priman a comprensión das liñas fundamentais do temario, a contextualización de linguaxes/autores/as, unha expresión conceptual axeitada así como a capacidade para interrelacionar conceptos. 2. Proba de resposta longa. Trátase dun comentario no que, partindo dunha serie de imaxes e palabras clave (relacionadas cos contidos da materia) o/a alumno/a debe redactar un texto respetando a seguinte estrutura: Introducción - Desenvolvemento do tema - Conclusión. Ambas probas forman parte dos exercicios dos seminarios, de tal forma que o alumnado poderá estar familiarizado con ambos formatos antes da realización da proba final.	60	B1 B2	C5 C8 C21

Outros comentarios sobre a Avaliación

Arte e Modernidade é unha asignatura impartida pola profesora Susana Cendán. (scendan@uvigo.es)

A metodoloxía da asignatura estrutúrase en clases teórico/prácticas. As **CLASES TEÓRICAS** (2 horas á semana) consisten na exposición oral dunha serie de conceptos apoiados en soportes audiovisuais cuxo obxectivo é que o alumno alcance puntos de vista propios e globalizadores sobre os contidos da materia. As introducións teóricas inician ao alumno no territorio da historia da Arte de forma gradual e ordenada.

A asistencia as clases teóricas é un requisito imprescindible para a correcta comprensión dos contidos da materia, supoñendo a mesma un **5% do valor da asignatura**.

Desaconséllase o acceso á aula unha vez transcurridos 10 minutos desde o comezo da clase. Asimesmo, prégase puntualidade e a desconexión dos dispositivos móbiles. **EN NINGÚN CASO ESTÁ PERMITIDO GRABAR Á PROFESORA**

NO TRANSCURSO DA CLASE.

As **CLASES PRÁCTICAS** ou **SEMINARIOS** estrutúranse en catro grupos ou seminarios de traballo (P1, P2, P3 e P4) dunha hora de duración. As clases prácticas amplían e profundizan nos contidos teóricos da asignatura, permitindo ó alumnado desenvolver análises sobre problemáticas concretas así como acadar unha participación real e eficaz.

Os contidos das clases prácticas son heteroxéneos e varían en función da actualización periódica dos contidos: lecturas e análise de textos e imaxes, ciclos de cine, exercicios prácticos de repaso da asignatura, accións artísticas, debates sobre problemáticas relacionadas coa creatividade, saídas de estudos, exercicios de expresión oral, etc.

Para que se contabilicen os exercicios/actividades realizadas nos SEMINARIOS, é preciso acadar unha **participación do 80%**.

Prégase a máxima **PUNTUALIDADE** nos SEMINARIOS. O alumnado que se incorpore unha vez transcorridos 10 minutos, desde o comezo da práctica, non se lle permitirá asinar na FOLLA DE FIRMAS.

A formación dos grupos de traballo ten un carácter limitado no tempo. O primeiro día de clase a profesora indicará o prazo para a conformación dos grupos.

Sobre as horas de traballo autónomo do alumno. O modelo educativo do EEES (Espazo Europeo de Educación Superior) aboga por metodoloxías docentes orientadas a favorecer a aprendizaxe activa do estudante, a súa implicación e autonomía. A aprendizaxe non comeza e remata no aula. O alumno, como protagonista do seu proceso de aprendizaxe, debe asumir o papel de actor principal e actuar consecuentemente, tanto dentro como fora do aula: a súa formación depende en gran medida do traballo que realiza fora do aula. Así o contempla o sistema de transferencia de créditos ECTS.

En definitiva, a avaliación da asignatura Arte e Modernidade conxuga as modalidades que se detallan a continuación:

1. Unha **avaliación continuada** baseada na asistencia e realización dos exercicios e actividades propostas aos grupos de traballo no seu correspondente seminario. A pertenza a un grupo de traballo é inamovible (excepto causas de forza maior que o alumnado comunicará á profesora para a súa valoración). Non se valorará a realización de exercicios fora do grupo de traballo correspondente. Si a implicación do alumnado nos grupos de traballo é discontinuo (máis de dúas faltas) non se valorará a súa participación no mesmo. Terase en conta a puntualidade das entregas dos exercicios nas datas estipuladas. A falta de puntualidade nas entregas valorarase negativamente. **A avaliación continuada supón un 35% do valor da asignatura.**

2. Unha **avaliación final** formalizada nunha proba de exame de carácter sumatorio, **e cuxo valor supón un 60% do total da asignatura.** A aplicación da presente proba permítelle ao profesor analizar resultados e obter unha valoración individual das capacidades analíticas, de redacción e expresión conceptual do alumnado.

ACLARACIÓNS IMPORTANTES:

1. Para que se contabilicen os exercicios/actividades realizadas nos SEMINARIOS (é dicir, para que éstos fagan media co exame teórico) haberá que **sacar un mínimo de 4 puntos na proba teórica.**

2. IMPORTANTE: As convocatorias de xuño/xullo son dúas convocatorias diferentes. En ningún caso se pode entender a convocatoria de xullo como unha oportunidade para subir nota.

3. IMPORTANTE: Na convocatoria de xullo (e posteriores convocatorias) a nota que se valorará será, exclusivamente, a obtida na proba de exame. **NON SE TERÁ EN CONTA A NOTA OBTIDA NOS SEMINARIOS.**

DATAS DE EXAMES:

1. Convocatoria de MAIO:

A data do exame fixarase na clase, nos primeiros días do curso, en función da dispoñibilidade dos grupos e coordinadamente co alumnado.

2. Convocatoria de XULLO: Por confirmar

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ARGAN, Giulio Carlo, **El arte moderno: Del iluminismo a los movimientos contemporáneos**, Akal, 1998

CIRLOT, Lourdes (ed), **Primeras vanguardias artísticas. Textos y documentos**, 3ª ed. rev., PPU, 2011

GUASCH, Anna María, **El arte último del siglo XX. Del posminimalismo a lo multicultural**, Alianza Forma, 2000

HONOUR, Hugh, **El Romanticismo**, Alianza Editorial, 1981

MARCHAN FIZ, Simón, **Del arte objetual al arte del concepto (1960-1974)**, 11ª ed., Akal, 2012

- MICHELLI, Mario D., **Las vanguardias artísticas del siglo XX**, Alianza, 2009
- NOCHLIN, Linda, **El realismo**, Alianza D.L., 1991
- POOL, Phoebe, **El Impresionismo**, Destino, 1991
- RAMIREZ, Juan Antonio (ed.), **Historia del Arte, Vol. IV e V**, Alianza, 1996
- RAMIREZ, Juan Antonio, **El arte de las vanguardias**, Anaya, 1991
- REWALD, John, **El Postimpresionismo. De Vang Gogh a Gauguin**, Alianza, 1982
- SEDLMAYR, Hans, **La revolución del arte moderno**, Acantilado, 2008
- VV.AA., **Arte desde 1900. Modernidad Antimodernidad Posmodernidad**, Akal, 2006
- VV.AA., **La modernidad a debate. El arte desde 1940**, Akal, 1999
- VV.AA., **Primitivismo, Cubismo y Abstracción. Los primeros años del siglo XX**, Akal, 1998
- VV.AA., **Realismo, Racionalismo y Surrealismo. El arte de entreguerras (1914-1945)**, Akal, 1999
- Bibliografía Complementaria**
- ASHTON, Dore, **Una fábula del arte moderno**, Turner ; Fondo de Cultura Económica, 2001
- BOZAL, Valeriano (ed.), **Historia de las ideas estéticas y de las teorías artísticas contemporáneas, Vol I y II, 1ª Ed.**, Historia 16, 1998
- BÜRQUER, Peter, **Teoría de la vanguardia**, Península, 1997
- CAWS, Mary Ann (ed.), **Surrealism**, Phaidon, 2004
- CREPALDI, Gabriele, **El Arte Moderno (1900-1945): La época de las vanguardias**, Electa, 2006
- FAHR-BECKER, G., **El modernismo**, Könemann, 1996
- FOUCAULT, Michel, **Esto no es una pipa. Ensayo sobre Magritte**, Anagrama, 2001
- GOLDBERG, Roselee, **Performance Art. Desde el futurismo hasta el presente**, Destino, 2002
- GUASCH, Anna María, **El arte del siglo XX en sus exposiciones (1945-1995)**, Ed del Serbal, 1999
- KRAUSS, Rosalind E., **La originalidad de la vanguardia y otros mitos modernos**, Alianza D.L., 1996
- LIPPARD, Lucy R., **Seis años: La desmaterialización del objeto artístico (1996-1972)**, Akal, 2004
- SUBIRATS, Eduardo, **El final de las vanguardias**, Antrophos, 1989
- SUREDA, Joan; GUASCH, Anna María, **La trama de lo moderno**, Akal, 1987

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Antropoloxía: Antropoloxía da arte/P01G010V01101
Historia: Historia da arte/P01G010V01202
Arte e contemporaneidade/P01G010V01601
Filosofía da arte/P01G010V01501
Arte e espazo social/P01G010V01901
Artes afíns/P01G010V01801

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Antropoloxía: Antropoloxía da arte/P01G010V01101
Historia: Historia da arte/P01G010V01202
Arte e contemporaneidade/P01G010V01601
Filosofía da arte/P01G010V01501

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Historia: Historia da arte/P01G010V01202

Plan de Continxencias

Descrición

EN CASO DUNHA NOVA ALARMA SANITARIA:

AO TRATARSE DUNHA ASIGNATURA FUNDAMENTALMENTE TEÓRICA, A INSTAURACIÓN DUN NOVO ESTADO DE ALARMA NON IMPEDIRÍA O CORRECTO DESENVOLVEMENTO DAS CLASES TEÓRICO/PRÁCTICAS.

EN CASO DUNHA HIPOTÉTICA SITUACIÓN DE CONFINAMENTO, AS CLASES IMPARTIRÁNSE DE MANEIRA VIRTUAL A TRAVÉS DO CAMPUS REMOTO:

<https://campusremotouvigo.gal/>

OS EXERCICIOS CORRESPONDENTES AOS SEMINARIOS, PODERÁN DESENVOLVERSE IGUALMENTE, PARA O CAL UTILIZAREMOS A PLATAFORMA FAITIC COMO FERRAMENTA DE COMUNICACIÓN FUNDAMENTAL ENTRE PROFESORA/ALUMNADO.

CHEGADO O CASO OS TRABALLOS EN GRUPO ADAPTARÍANSE A UN FORMATO INDIVIDUAL.

IMPORTANTE. O CORRECTO FUNCIONAMENTO DAS CLASES TELEMÁTICAS IMPLICA UNHA RESPONSABILIDADE COMPARTIDA: POR PARTE DO PROFESORADO, PERO TAMÉN DO ALUMNADO, O CAL DEBE ESTAR ATENTO AOS ANUNCIOS QUE A PROFESORA PUBLICA PERIÓDICAMENTE A TRAVÉS DE FAITIC.

<https://faitic.uvigo.es/index.php/es/>

AS TITORÍAS/REVISIÓN DE EXERCICIOS/EXAMES, DÚBIDAS E DEMÁIS CUESTIÓNS ABORDARÁNSE A TRAVÉS DE FAITIC, CAMPUS REMOTO E CORREO ELECTRÓNICO DA PROFESORA (scendan@uvigo.es).

DE PRODUCIRSE UNHA NOVA ALERTA SANITARIA, A PROFESORA CONTACTARÁ DE INMEDIATO CO ALUMNADO PARA COMUNICARLLE TODOS OS PASOS A SEGUIR.
